




asociación galega de residencias e centros de anciáns
de iniciativa social



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2025

Indice

1.- QUEN SOMOS

2.- OBXECTIVOS

3.- FINS DA ASOCIACIÓN

4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN

5.- RELACIÓN DE ACTIVIDADES DESENVOLTAS

5.1.- Información, Orientación e Asesoramento

5.2.- Xestión e Tramitación de Subvencións e Axudas

5.3.- Promoción de Relacións Institucionais

5.4.- Prestación de Servizos Sociais como Entidade de Iniciativa Social

5.5.- Programas Subvencionados

5.5.1.- Programa de Horticultura Terapéutica

5.6.- Oficina Autonómica de Voluntariado

5.7.- Clubes de Lectura Fácil e Realidade Virtual

5.8.- Formación para o Persoal dos Centros Asociados

5.9.- Convenio de Colaboración co Concello de Pontevedra

5.10.- Comisión Negociadora e Comisión Paritaria do VI Convenio Colectivo de Residencias Privadas da Terceira Idade de Galicia

5.11.- Asembleas e Xuntas Directivas de Acolle

5.12.- Actividades en Centros Sociocomunitarios

5.13.- Xuntanza de Centros Residenciais

5.14.- Programa de Nadal: “Ningún Maior Só este NADAL”

5.15.- Proxecto de Atención Integral Centrada na Persona (AICP)

5.16.- Acontecementos Destacados 2025

6.- LIÑAS DE ACTUACIÓN ESTRATÉXICAS 2025-2026

7.- ANEXOS. RELACIÓN DE CENTROS

1. QUEN SOMOS

Asociación Galega de Residencias e Centros de Anciáns de Iniciativa Social, ACOLLE, foi constituída en Santiago de Compostela o 29 de xuño de 1995, agrupando a residencias de maiores pertencentes a fundacións, asociacións e outras entidades sen fins de lucro, configurándose á súa vez como Asociación e Entidade Prestadora de Servizos Sociais.

A denominación de **ACOLLE** responde ó carácter esencial dos centros de iniciativa social como espazo de acollida para os maiores máis necesitados. O noso logotipo está configurado pola súa denominación, abrazada por un óvalo multicolor que simboliza a nosa filosofía: acoller sen distincións.

O seu domicilio social actual atópase na rúa Sarabia nº 8, Tui, provincia de Pontevedra (Residencia “PAZ y BIEN”). Actualmente agrupamos a 12 residencias e centros asociados, repartidos por toda a xeografía galega, atendendo a un total de 929 residentes.

A Asociación Galega de Residencias e Centros de Anciáns de Iniciativa Social, ACOLLE, ademais de levar a cabo os seus propios proxectos e de representar ós seus asociados, está federada a “Lares - Federación de residencias y servizos de atención a los mayores - sector solidario”, que representa a todos os centros de iniciativa social a nivel estatal.

A Asociación Galega de Residencias e Centros de Anciáns de Iniciativa Social, ACOLLE, téñ como obxectivos defender os intereses das residencias de anciáns de iniciativa social, intentando prestar asesoramento e representar ós centros nas relacións laborais e na relación coa Administración.

En canto ás características dos centros que integran ACOLLE, comentar que son moi similares:

- Son centros de finais do século XIX, principios do XX (na maioría dos casos) que nun principio contaban coa axuda de benefactores e xente que facía doazóns para permitir que a residencia puidese seguir adiante.
- Na actualidade estes centros subsisten grazas ás achegas dos usuarios, achegas de particulares e axudas dos Concellos e Deputacións Provinciais.
- Un dos grandes problemas que presentan os centros, son os de adecuación á normativa vixente, xa que en moitos casos, ó ser edificios de séculos pasados, a modificación das características arquitectónicas supón unha gran dificultade por dous motivos fundamentais: por unha parte, os centros son antigos e en algún caso, non xorden como residencia de maiores e, por outra parte, moitos deles son patrimonio e non poden ser modificados para a adaptación á nova normativa.
- As residencias de iniciativa social, estiveron moi expandidas en toda a Comunidade Autónoma Galega, chegando a ter residencias moi implicadas no dinamismo da comunidade, axudando ó crecemento da comunidade e á súa integración na mesma.

En relación a este último punto debemos destacar que o impacto que tiveron as residencias de iniciativa social foi tan alto que chegaron a contar con máis de cinco mil prazas repartidas por toda a Comunidade Autónoma Galega. Xogaron un papel fundamental a participación social, e ata a década dos anos oitenta, as Deputacións e Concellos (administracións locais próximas) que se caracterizaban pola súa implicación, chegando a asumir en moitos dos casos ata un total do 50% do orzamento preciso para o mantemento dos Centros; non obstante, este apoio á iniciativa social por parte da Administración Pública foi decrecendo porque a Administración Autonómica asumiu un papel directivo na prestación de servizos sociais, buscando a prestación directa por parte da Administración da atención residencial para a poboación.

Sen embargo, as prestacións económicas que dispensa o Estado (sobre todo as de nivel non contributivo) non outorgan unha cobertura suficiente como para poder acudir a unha praza residencial privada, e debido a que en moitas ocasións as prazas públicas non poden ofrecer unha cobertura adecuada á toda a poboación que poida ser unha

potencial usuaria de centros residenciais, faise necesaria a presenza da iniciativa social, para poder ofrecer unha praza residencial a aquelas persoas que, por exemplo, tan só contan cunha pensión a nivel non contributivo (que, para 2024, se sitúa nunha contía mínima de 129,48 € e un máximo de 517,90 € por catorce mensualidades).

Por outra parte, ACOLLE téñ detrás un equipo de persoas que, de maneira desinteresada, está neste momento á fronte da Asociación e que é o seguinte:



Xunta Directiva

- **Presidenta**, Mª Celina Rey Diéguez
Residencia Divina Pastora (Vilagarcía de Arousa)
- **Vicepresidenta**, Noelia Martínez González
Residencia Paz y Bien (Tui)
- **Tesoureiro**, Bernardo Dávila Fuertes
Residencia Hospital Asilo Nosa Sra. dos Anxos (Ribadavia)
- **Vocal**, Lorena González Llorente
Residencia Nosa Sra. das Dores (Lalín)
- **Vocal**, Elena Guerra Lobato
Coordinadora Mensajeros de la Paz Noroeste
- **Secretaria Técnica**, Mª Teresa -Maite- Rodríguez Rivas

2. OBXECTIVOS

Os seguintes obxectivos da Asociación Galega de Residencias e Centros de Anciáns de Iniciativa Social ACOLLE, son os que se delimitaron pola Xunta Directiva cando a asociación comezou a dar os seus primeiros pasos no ano 1995, polo que os obxectivos son os seguintes, que de igual xeito se atopan como tales, nos Estatutos da asociación:

- Formar ó persoal das Residencias e Centros.
- Formar e informar ós directivos das Residencias acerca dos criterios xerais de xestión que se deben manter nos centros residenciais.
- Fomentar melloras prácticas na atención dos residentes a fin de aumentar a calidade de vida dos mesmos.
- Implantar novas tecnoloxías.
- Crear novos servizos que dean resposta ás demandas emerxentes do sector das persoas maiores dependentes, tales como: axuda a domicilio, centros de día, ou teleasistencia, entre outros.
- Estudiar as necesidades das Residencias en eidos tales como: arquitectónico, económico, laboral e social, co fin de elaborar proxectos de adecuación á normativa vixente e ás demandas sociais.
- Tramitar convocatorias de axudas e subvencións

3. FINS DA ASOCIACIÓN

Entre os fins da Asociación están os seguintes:

1. A negociación de pactos, acordos e convenios colectivos, de conformidade coa lexislación que os regula.
2. A representación dos empresarios nas relacións de conflito laboral colectivo e individual.
3. A representación institucional dos empresarios nos órganos e institucións do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e naqueles outros de ámbito territorial inferior, no que a representación dos Centros este conferida ás organizacións empresariais.
4. A información, asistencia e asesoramento ós seus afiliados en canto empresarios.
5. A representación, coordinación, xestión, defensa e promoción dos intereses que son propios dos seus representados en canto empresarios.
6. A prestación de servizos sociais como entidade de iniciativa social, sendo a súa área de actuación as persoas maiores.
7. A representación institucional do sector coa presenza institucional nos foros de debate.
8. A implementación de Proxectos de actuación co fin de mellorar a calidade de vida dos nosos residentes e mitigar a soidade non desexada.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN

Os obxectivos e os fins expostos anteriormente, deben acadarse dun xeito global, de tal xeito que a solución global estea no camiño de conseguirse mediante as seguintes liñas de actuación:

- ✓ Dar representatividade ó sector da iniciativa social e participación activa nos foros de debate.
- ✓ Apostar polo aumento e especialización do persoal; xa que nos centros asociados téñense detectados problemas de especialización de persoal: precísanse persoal xerocultor, terapeutas ocupacionais, persoal de administración e xestión, traballadores sociais, etc. Está claro que ACOLLE debe seguir unha liña de actuación destinada á formación do noso persoal para afrontar os novos retos e tamén actuacións na liña do aumento do persoal dos centros residenciais asociados que teñen uns cadros de persoal demasiado curtos.
- ✓ Mellorar as prestacións e atención de cara ás persoas maiores (traballando principalmente a área da fisioterapia, a rehabilitación cognitiva, as actividades ocupacionais e a atención especializada), destinadas dun xeito global á mellora da calidade de vida e ó benestar colectivo dos residentes dos centros residenciais asociados.
- ✓ Modernizar dos centros asociados para adaptalos ás novas necesidades residenciais e ós novos servizos que se implantan na Comunidade Autónoma Galega actualizando a concepción de centros de vida e actividade en contra das concepcións antigas de almacén de xente inútil ou crear guetos en vez de centros abertos á comunidade.
- ✓ Diversificar servizos: A axuda a domicilio, a teleasistencia ou a creación de programas de Centros de Atención Diúrna son alternativas interesantes e máis axeitadas á futura dinámica da sociedade.

5. RELACIÓN DE ACTIVIDADES DESENVOLTAS

5.1.- Información, Orientación e Asesoramento

Dende a entidade realízase unha labor conxunta dirixida ás residencias de persoas maiores que constitúen esta Asociación de información, orientación e asesoramento en distintos ámbitos: sociais, laborais, formativos, normativos, de actualidade e interese xeral, etc.

A información distribúese mediante circulares vía email, telefónicamente e/ou persoalmente.

Soamente ós asociados se lle mandaron mais de 550 correos electrónicos, informado de diversos temas como o progreso das negociacións do Convenio Colectivo, congresos e xornadas informativas, accións formativas, cambios do IRPF, subvencións e axudas públicas e privadas, promocións e ofertas de material residencial que chegan á Asociación...

5.2.- Xestión e Tramitación de Subvencións e Axudas

A entidade ocúpase de buscar, divulgar entre os asociados, solicitar e tramitar subvencións de distintas entidades públicas (Xunta de Galicia, Deputación, Concellos...) e privadas (fundacións, obras sociais,...) das que poidamos ser beneficiarios.

Durante o ano 2025 solicitáronse as subvencións e axudas que se detallan no seguinte cadro:

Entidade Convocante	Obxecto da Convocatoria	Data da Convocatoria
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social na Provincia de Pontevedra para o ano 2025	Programa de Horticultura Terapéutica en Residencias de Maiores (Centros de Lalín, Tui e Vilagarcía de Arousa).	Luns, 10/02/2025
XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN. Subvención para o fomento do emprego a través dos Programas de Cooperación	Apoio nos coidados das persoas maiores dependentes e con discapacidade. Solicitud de oito Xerocultores/as: - 1 para Betanzos - 1 para Ribadavia - 1 para Vilagarcía de Arousa - 1 para Vilalba - 1 para Lalín - 1 para Tui - 1 para Mondoñedo - 1 para Cervo	Martes, 19/08/24

Das subvencións tramitadas, concedéronnos as seguintes:

Entidade Convocante	Obxecto da Convocatoria	Contía Concedida	Período de Execución
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. Subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social na Provincia de Pontevedra para o ano 2025	Programa de Horticultura Terapéutica en Residencias de Maiores (Centros de Lalín, Tui e Vilagarcía de Arousa).	4.821,19 €	Exercicio 2025 (de Xuño a Decembro)

5.3.- Promoción de Relacións Institucionais.

Representamos institucionalmente ás residencias asociadas a ACOLLE nos órganos e institucións do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e naqueles outros de ámbito territorial inferior, nos que a representación dos Centros está conferida ás organizacións empresariais.

5.4.- Prestación de outros servizos como entidade de iniciativa social fora dos nosos centros

A nosa área de actuación refírese ó sector da terceira idade, chegando a extender esta actuación fóra dos nosos centros.


Levamos a cabo programas e talleres de “Comunicación Asertiva” e talleres de “Habilidades Memorísticas” nas 13 parroquias do Concello de Pontevedra.

Nos Centros Sociocomunitarios dos Concellos de Ribadavia e O Carballiño, organizamos actividades para os maiores da localidade no período estival; actividades formativas, de ocio e recreativas.

5.5.- Algúns programas subvencionados e executados durante 2025

5.5.1.- Programa de Horticultura Terapéutica en Residencias de Maiores

A concesión da subvención dirixida a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social da Deputación de Pontevedra permitiunos levar a cabo este programa destinado a aumentar o benestar dos residentes a través da práctica da horticultura nas tres residencias da provincia de Pontevedra: Lalín, Tui e Vilagarcía de Arousa.



5.6.- Oficina Autonómica de Voluntariado

Continuamos co programa de voluntariado nos centros residencias gracias á concesión da subvención ás entidades de acción voluntaria de carácter privado para o fomento e a realización de actividades de voluntariado do que se beneficiou o GRUPO SOCIAL ACOLLE.

Co paso do fogar a unha institución, prodúcese unha ruptura co ambiente da persoa maior e poden aparecer sentimentos de vulnerabilidade e soidade. O feito de sentirse só a pesar de estar rodeado de xente é a situación dalgunhas persoas maiores que se aloxan nos centros residencias e non todos contan cunha rede familiar que os visite todas as veces que sería desexable. As persoas voluntarias, coa súa desinteresada participación e colaboración, axudan en moitas ocasións a combater esta situación.

5.7.- Clubs de Lectura Fácil e Realidade Virtual

Gracias á concesión da subvención destinada á realización de programas de interese xera para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades da Xunta de Galicia á nosa Asociación, dentro do GRUPO SOCIAL ACOLLE, desenvolveuse o Programa de Rede de Clubs de Lectura Fácil e Realidade Virtual nos centros de Acolle (un total de 12 residencias en toda Galicia).

5.8.- Formación para o Persoal dos Centros Asociados

Na nosa longa traxectoria desenvolvemos proxectos de formación continua dos profesionais das residencias de maiores asociadas. Da súa formación vai depender, en gran medida, o bo funcionamento dos nosos centros e o benestar dos nosos residentes.

Xestionáronse Programas Formativos de distintas residencias con Formación Bonificada a través dos créditos formativos destinados a tales fins, deixando un 10% de rendemento deses programas a Asociación Acolle. Realizáronse cursos mediante formación subvencionada nos centros que así o solicitaron.

A Secretaría Técnica facilitou a Xestión do Sistema de Bonificacións da Formación Programada polas Empresas ante **FUNDAE** dos membros da Asociación e os cursos que se levaron a cabo durante este exercicio foron os seguintes:

- Facturación electrónica
- Ofimática na nube: Google Drive
- Plan de xestión da diversidade LGTBI na empresa
- Igualdade retributiva: rexistro salarial e auditoria retributiva (v2)
- Cambios Posturais
- Conceptos básicos sobre igualdade e prevención do acoso
- Soporte vital básico e primeiros auxilios
- Prevención de agresións involuntarias
- Boas prácticas do equipo xerocultor
- Proxecto en materia de hixiene e seguridade alimentaria, ambiental e formación:
 1. Implantación e actualización do sistema de autocontrol (APPCC), obrigatorio por normativa dende o ano 1995.
 2. Toma de mostras para control microbiolóxico
- Hixiene alimentaria para manipuladores de alimentos
- Actividades para a estimulación física das persoas maiores
- Detección, prevención e tratamento das úlceras por presión
- Limpeza e desinfección de centros residenciais

5.9.- Convenio de Colaboración co Concello de Pontevedra.

Realizamos diferentes actividades en colaboración coa Área de Servizos Sociais do Concello de Pontevedra para persoas maiores non dependentes e, principalmente, un curso de formación de habilidades memorísticas e de Comunicación Asertiva para maiores.

Os seus destinatarios son persoas maiores de 60 anos.

Número de grupos: 13

Parroquias do Concello de Pontevedra nas que se imparten os talleres (en algunha delas hai dous grupos): Estribela, Mourente, Pontesampaio, Bora, Marcón, Salcedo, Tomeza, A Parda, Centro Sur, San Roque, Lérez e Casino Mercantil.

5.10.- Comisión Negociadora e Comisión Paritaria do VI Convenio Colectivo de Residencias Privadas da Terceira Idade de Galicia

Acolle forma parte da comisión Paritaria do Convenio Colectivo de Residencias Privadas da Terceira Idade de Galicia co obxecto de dar resposta á consulta sobre o disposto no artigo 41.



5.11.- Asembleas e Xuntas Directivas de Acolle

Este ano a Xunta Directiva e os Centros Asociados xuntáronse de modo presencial en Santiago de Compostela no mes de abril para tratar temas de interese para a Asociación.

5.12.- Actividades en Centros Sociocomunitarios

Levamos a cabo, durante os meses de verán (xullo e agosto), diferentes talleres no Centro Sociocomunitario de O Carballiño e Ribadavia na provincia de Ourense, dirixidos á poboación en xeral e en colaboración coa Dirección Xeral do Maior e Atención Sociosanitaria:

- Pintura Creativa
- Autocoidado. Maquillaxe e Coidado Persoal
- Exercicio Funcional
- Creacións en Estaño

5.13.- Xuntanza de Centros Residenciais

O último xoves de setembro levamos a cabo a Xuntanza de todos os centros residenciais asociados en Santiago de Compostela.

Acudimos a unha misa na Igrexa de San Francisco e logo xantar e baile para todas as persoas asistentes no San Francisco Hotel Monumento. Este ano contamos coa presenza da Conselleira de Política Social e Igualdade, Dña. Fabiola García Martínez, que, aínda que non se quedou ó xantar, si pasou a saudarnos antes de acudir á misa; do Director Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, D. Antón Acevedo Prado e coa Subdirectora Xeral de Envellecemento Activo e Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria, Dña. Eloína Núñez Masid; a ambos, lles entregaron dúas residentes un pequeno obsequio en nome de ACOLLE.



5.14.- Programa “Ningún Maior só este Nadal”

Este ano de novo levamos a cabo o Programa "Ningún maior só este NADAL" en colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade da XUNTA DE GALICIA, Servicios Sociais dos Concellos nos que se localizan os nosos centros residenciais e tamén algún Centro de Saúde para que aquelas persoas maiores que se atopan soas o día de Nadal poidan gozar do xantar acompañados nos nosos centros.

Ofrecemos un total de 49 prazas. Para a presentación do Programa contamos coa presenza do Director Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, D. Antón Acevedo Prado, que estivo na Fundación Hospital Asilo de Vilalba (Lugo) o luns 22 de decembro.

**Ningún maior só
 este NADAL**

**Dirixido a persoas Maiores de
 65 anos que desexen xantar e
 pasa lo día de Nadal en
 compañía.**

Lugar:

- Residencia y Centro de Día de Cervo (Lugo)
- Residencia San Rafael de Mondoñedo (Lugo)
- Residencia Hospital Asilo de Villalba (Lugo)
- Fundación Raiola (Betanzos, A Coruña)
- Asoc. de Coop. Obra Social Ntra. Sra. del Carmen de Fisterra (A Coruña)
- Residencia MI CASA. Mensajeros de la paz (Ferrol, A Coruña)
- Residencia Divina Pastora de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
- Residencia Ntra. Sra. Das Dores de Lalín (Pontevedra)
- Residencia Paz y Bien de Tui (Pontevedra)
- Fundación Hospital Asilo Ntra. Sra. Dos Anxos de Ribadavia (Ourense)

Apúntate

**Dirixete ós servizos sociais do teu
 Concello ou á propia Residencia**

COLABORA

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE | **acolle**



5.15.- Proxecto de Atención Integral Centrada na Persoa (AICP)

A implementamos nos centros residenciais da atención integral centrada na persoa (AICP) ofrece a oportunidade de mellorar a atención profesional nos centros, axeitando os servizos a premisas básicas como o respecto á dignidade ou o apoio ós proxectos de vida baseados nos principios de integralidade e individualidade.


Favorécese a todos os centros o acceso a esta implementación enviando propostas de aplicación así como a posibilidade de mercar material que favorezca a posta en marcha do proxecto.

5.16.- Acontecementos destacados na vida da Asociación ó longo de 2025

Accións Formativas e Divulgativas

Xaneiro:

- Vídeo chamada informativa con persoal técnico de OROI sobre a aplicación OROI RESORT (aplicación para estimulación de habilidades cognitivas e motoras sen mandos. Tecnoloxía “Hand-Tracking”) para gafas de realidade virtual.



Febreiro:

- Webinar “**Plan de Acciones Correctoras tras las Inspecciones de Sanidad**” organizado por Foro Técnico de Formación.
- Webinar “**El Profesional de Referencia en Centros**” organizado pola Red CoidAs, un espacio de encontro, apoio e acción coparticipada, creado pola Consejería de Dereitos Sociais e Benestar do Principado de Asturias para facilitar o cambio no coidado de longa duración en Asturias

Marzo:

- Asistencia ás IV Xornadas de AGASEDE “**La importancia del Profesional en los Nuevos Modelos de Atención**” na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela. Xornadas coas que colabora a Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia e que contou coa presenza do Director Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, D. Antón Acevedo Prado.



Abril:

- Webinar organizada por LARES e ENVITA “**Cuidados Narrativos e Historias de Vida. Estrategias cotidianas que impulsan las relaciones y los vínculos en el cuidado**”; un encontro no que nos explican cómo os coidados narrativos e a historia de vida pode transformar a atención a persoas maiores.

Maio:

- Participación no **Proxecto Boas Prácticas** de LARES. Formación centrada en diversos temas de interese relacionados co bo saber e o bo facer no noso traballo diario. Catro sesións de dúas horas de duración os días 6, 8, 13 e 16 de maio.
- Participación no **Proxecto Eliminación de Suxecións** de LARES. Formación centrada en varios temas de interese: que son e que non son suxecións, tipos, alternativas, ferramentas... Oito sesión de dúas horas de duración cada unha os días 7, 12, 14, 19, 21, 26 e 28 de maio e 2 de xuño.
- Formación en “**Creación e Dinamización de Clubs de Lectura Fácil**” organizado por LARES e a Asociación de Lectura Fácil Madrid.


Xuño:

- Participación na formación de LARES “**IA aplicada ó coidado: aprende a usar ChatGPT na túa residencia**”; formación de 5 horas enmarcada no proxecto “*Uso de tecnoloxías innovadoras para o desenvolvemento de materiais de estimulación cognitiva en residencias*”.

- Participación na sesión formativa de LARES “**Conectando Coidados. Como usar plataformas dixitais para ofrecer ou recibir coidados**”; unha acción formativa orientada a capacitar o uso de plataformas Familiaados, orientada á prestación e recepción de servizos de atención.

Xullo:

- Participación na formación “**O Voluntariado orientado á Persoa Maior**” organizado por LARES e en colaboración coa FUNDACIÓN ALICIA Y GUILLERMO.




Agosto:

- Participación nas formacións “**Voluntariado con demencias e alteracións de conducta**” e “**Edadismo**” organizadas por LARES e impartidas por FUNDACIÓN ALICIA Y GUILLERMO.

Setembro:

- Participación na formación “**Soidade non desexada**” organizada por LARES e impartido por FUNDACIÓN ALICIA Y GUILLERMO.



Outubro:

- Webinar de ACOMPARTIR para presentar a súa nova app.
- Acción formativa organizada por LARES sobre Facturación Electrónica.

Novembro:

- Participación no **I Conversatorio sobre Igualdade Laboral** organizado por LARES coa finalidade de promover a perspectiva igualitaria nos coidados e ofrecer un espacio para compartir e poñer en valor as boas prácticas e experiencias das residencias asociadas.

Decembro:

- Participación na formación organizada por LARES “**Garantindo os dereitos das persoas maiores: aplicación práctica en entornos residenciais**”.

Asistencias Institucionais

- Asistencia o acto de Eroski Vegalsa con motivo do peche da Campaña “Céntimos Solidarios 2024” no novo Supermercado Eroski Center de Xuxán (A Coruña) no mes de febreiro.



- Xunta Directiva e Asamblea Xeral do Grupo Social ACOLLE en Santiago de Compostela no mes de abril.

- Asistencia da Secretaria Técnica á Asemblea Xeral Federación LARES e Asemblea Xeral Asociación LARES en Madrid no mes de xuño.



- Participación da Secretaria Técnica na inauguración da ampliación da Vivenda Comunitaria dun dos nosos centros asociados: Fundación Raiola (Betanzos); inauguración que tamén contou coa participación do Director Xeral do Maior e Atención Socio sanitaria, D. Antón Acevedo Prado.



- Asistencia da Presidenta e Vicepresidenta da Asociación ó XVIII Congreso LARES 2025 en Burgos os días 22, 23 e 24 de outubro.
- Recollida en Hondarribia (Guipúzcoa) do Premio ó Programa de Voluntariado de ACOLLE do Concurso organizado por LARES.



Outros Acontecementos Relevantes

- Presentación e peche de cada unha das Actividades de Verán levadas a cabo nos Centros Sociocomunitarios de O Carballiño e Ribadavia (Ourense) durante os meses de xullo e agosto. Nunha ocasión, visita do Director Xeral do Maior e Atención Sociosanitaria, D. Antón Acevedo Prado e o Director Territorial da Consellería de Política Social e Igualdade na provincia de Ourense, D. Santiago Álvarez González ó CSC de Ribadavia.



6. LIÑAS DE ACTUACION ESTRATEXICAS 2025-2026

Seguimos na mesma dinámica de actuación do periodo anterior:

- Ser o operador de referencia no sector en canto a calidade asistencial prestada aos seus usuarios no ámbito de entidades sen ánimo de lucro.
- Seguir ampliando a rede de asociados en toda Galicia e ampliar a súa oferta de servizos para chegar a novas tipoloxías de usuarios dependentes.
- Consolidar a compañía como un lugar excelente no que traballar, ético e transparente, e comprometido coa sociedade, o medio ambiente e a igualdade de oportunidades.

¿QUE QUEREMOS QUE SEXA ACOLLE NOS PRÓXIMOS ANOS?

Unha entidade referente e con vocación de liderado no sector da dependencia e na prestación de coidados da máxima calidade ás persoas maiores nos nosos centros, na que a persoa usuaria e a súa familia se sintan atendidos e coidados por un persoal próximo, cualificado e comprometido e, ó mesmo tempo, ser un bo lugar para traballar onde se fomenta o desenvolvemento, a colaboración e o recoñecemento, e se contribúa á mellora da contorna e da sociedade.

- **ATENCIÓN INTEGRAL CENTRADA NA PERSOA:** Conseguir que todos os nosos centros asociados poidan levar a cabo unha política de atención centrada no coidado da persoa e as súas necesidades (físicas, psíquicas, emocionais), a través dunha atención inter-disciplinar, integral e de alta calidade técnica e humana, con especial atención ó trato amable, próximo e cálido, baseado na escoita activa da persoa residente e a súa familia, en contornas confortables e adaptadas que fagan ós nosos usuarios sentirse en casa.

- **COMPORTAMENTO ÉTICO E TRANSPARENCIA:** Queremos ser unha asociación ética, aberta e transparente en todas as súas actuacións e na comunicación das mesmas a todos os seus públicos internos e externos, promovendo así mesmo este comportamento entre os seus grupos de interese.

- **MOTIVACIÓN:** Somos unha asociación que procura motivar e xerar ilusión entre os nosos profesionais para que se sintan parte decisiva da empresa e para poñer en valor o traballo que desenvolven no seu día a día, buscando que este sexa recoñecido e valorado. Potenciamos o desenvolvemento profesional e persoal dos nosos profesionais, a súa formación e promoción, buscando así mesmo a retención do talento. Así mesmo, potenciamos a participación de residentes, familiares e traballadores no desenvolvemento da nosa actividade, para que se sintan parte activa da forma de traballar dos nosos centros.

- **SUSTENTABILIDADE E COMPROMISO SOCIAL:** Somos unha asociación que aposta por manter un equilibrio económico que una a eficiencia e o bo uso dos recursos co coidado da calidade do servizo. Estamos comprometidos co desenvolvemento do sector, coa mellora do medio ambiente e co compromiso social nas nosas contornas máis próximas e na sociedade en xeral.

- **COMPROMISO COA EXCELENCIA:** Somos unha asociación que busca facer cada día mellor o seu traballo, buscando a excelencia na atención ás persoas maiores e ás súas familias e a súa máxima satisfacción. Para iso, apostamos polo desenvolvemento de políticas de calidade orientadas á mellora continua, ademais de dotar ós nosos profesionais da formación e os recursos necesarios para iso, buscando así mesmo que os nosos centros sexan contornas seguras para os nosos residente e profesionais.

7. ANEXOS. RELACIÓN DE CENTROS

NOME RESIDENCIA	DIRECCION	CORREO ELECTRONICO	TELEFONO
Residencia Padre Rubinos	Ronda de Outeiro, 325 15.011 A Coruña. A CORUÑA	eseoane@padrerubinos.org	981 901 122
Fundación Hospital Asilo de Villalba	Avda. Plácido Peña, 86 27.800 Villalba. LUGO	direccion@fhav.org	982 510 006
Residencia Nosa Sra. Das Dores	R/ Antonia Ferrín Moreiras, 17 36.500 Lalín. PONTEVEDRA	info@residenciadasdores.es	986 781 897
Residencia Divina Pastora	R/ Ramón López Piñeiro, 11 36.600 Villagarcía de Arousa. PONTEVEDRA	direccion@residenciadinapastora.com	986 501 902
Residencia Paz y Bien	R/ Sarabia, 8 36.700 Tui. PONTEVEDRA	direccion@residenciapazybien.com	886 317 691
Fundación Hospital Asilo Nosa Sra. Dos Anxos	R/ Celso Emilio Ferreiro, 2 32.400 Ribadavia. OURENSE	fundacion@dosanxos.org	988 470 104
Residencia y Centro de Día San Ciprián	Avda. da Veiga, 25 27.890 Cervo. LUGO	cdrcervo@gmail.com	982 062 731
Residencia Mi Casa	R/ Coruña, 57 15.401 Ferrol. A CORUÑA	residenciamicasaferrol@gmail.com	981 353 999
Residencia Nosa Sra. Do Carme	R/ Alfredo Saralegui, 1 15.155 Fisterra. A CORUÑA	casafamiliafisterra@hotmail.com	981 740 193
Residencia Romero Blanco-Monroy	R/ Fray José dos Santos, 14 15.200 Noia. A CORUÑA	laura@fromeroblanco-monroy.org	981 821 702
Residencia San Rafael	R/ José María Pardo, 26 27.740 Mondoñedo. LUGO	residenciamondonedosanrafael@gmail.com	982 521 833

Fundación Raiola	R/ Guiliade, 116 15.319 Betanzos. A CORUÑA	fundacionraiola@gmail.com	981 772 586
------------------	---	--	-------------

En Tui a 20 de Xaneiro 2026

Asdo: M^a Celina Rey Dieguez